

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 14 DE FEBREIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-299: Padrón (AC-307)-AC-301 desde o p.q:0 + 000 ao p.q:2 + 160 (límite municipal) a prol do Concello de Padrón.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se nomea a Sonia Martínez Arca directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se dispón que cese Cristina Ortiz Dorda como secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar
- Decreto polo que se nomea a María Jesús Lorenzana Somoza secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015.
- Acordo polo que se determina a publicación no Diario Oficial de Galicia da situación patrimonial dos membros da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado LAT. 66 kV subestación Vimianzo–subestación parque eólico Muxía (concellos de Vimianzo e Muxía, A Coruña), de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Brasilia, o European Distance and E-Learning Network (Eden), o European & International Federation of Natural Stone Industries (Euro-Roc), a Università Degli Studi Di Roma Tor Vergata, a Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologías, a Empresa Promotora de Serviços De Ensino (Magensinus) e Asesoramiento, Tecnología e Investigación, S.L., para a realización do proxecto: “Improve Employability and Enhance European Competitiveness through the Acquisition of Language and Cultural Competences in Portuguese / Emport”, no marco do programa de aprendizaxe permanente 2007-2013, e se autoriza a plurianualidade do gasto previsto nel por un importe total de trescentos trinta mil e seiscentos vinte e cinco euros (330.625,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para o ano 2013.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o calendario legislativo para a IX lexislatura.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a revisión e designación de novas zonas sensibles na demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe anual da actividade do Centro de Transfusión de Galicia 2012.
- Informe sobre a situación do aseguramento no Sistema sanitario público de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO UN TREITO DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-299 EN PADRÓN

- ***Este cambio de titularidade está previsto dentro do Plan Move, que recolle a transferencia da estrada AC-299 na súa totalidade aos concellos de Padrón e Rois***
- ***En cumprimento, o Concello de Padrón deberá incorporar á súa rede de estradas o tramo da autonómica AC-299 entre os puntos quilométricos 0+000 ata o 2+160 (límite municipal)***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-299 (Padrón (AC-307)-AC-301) a prol do Concello de Padrón. A solicitude do cambio inclúe un treito de 2.160 metros de estrada autonómica.


O cumprimento do Plan Move xustifica o cambio de titularidade do treito, que adquire características plenamente municipais nunha gran parte do seu percorrido. Seguindo as pautas do plan, o Concello de Padrón deberá incorporar á súa rede de estradas o tramo da autonómica AC-299 (Padrón (AC-307)-AC-301) entre os puntos quilométricos 0+000 ata o 2+160 (límite municipal). O pasado mes de novembro a Xunta xa autorizou o cambio de titularidade do treito da AC-299 que transcorre polo concello de Rois e vai desde o punto quilométrico 2+160 ata o 2+400 (enlace coa estrada AC-301).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou a transferencia da titularidade e considerou adecuado o cambio a prol do Concello de Padrón de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes. Como resultado, a entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación de *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria, corresponderán ao Concello de Padrón.

Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia. De acordo con este artigo, os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais, dentro das súas competencias, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTORA XERAL DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

Sonia Martínez Arca

Sonia Martínez é experta en xestión da investigación e innovación con ampla formación científica e experiencia en contornos internacionais. O Consello da Xunta aprobou hoxe o seu nomeamento como directora xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública en substitución de Manuel Varela Rey, quen recentemente tomou posesión como director da Axencia Galega de Innovación.

Sonia Martínez naceu en Compostela no ano 1969 e licenciouse en Farmacia, especialidade de Bioquímica, pola Universidade Complutense de Madrid. Así mesmo, é doutora en Bioloxía Molecular e Celular polo Centro de Bioloxía Molecular *Severo Ochoa* CSIC da capital de España.

Así mesmo, foi directora de Recursos de Apoio á Investigación e Proxección Exterior da Universidade de Santiago, e do Parc Científic de Barcelona. Na actualidade ocupaba o cargo de directora da Fundación Ramón Domínguez, antiga Fundación IDICHUS do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

A nova directora xeral posúe dez anos de experiencia en investigación en Bioloxía Molecular e Celular en centros de excelencia nacionais e internacionais. Ademais, é autora de numerosas publicacións científicas en revistas internacionais de alto índice de impacto e de ponencias en congresos e seminarios científicos.

Igualmente, ten oito anos de experiencia en xestión da investigación e a innovación no ámbito médico e biotecnolóxico, en entornos innovadores e dinámicos, pioneiros no deseño e posta en marcha de novos modelos organizativos da investigación, valorización, emprendemento e fomento de sinerxias entre diferentes actores do sector.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

SECRETARIA XERAL TÉCNICA

María Jesús Lorenzana Somoza

Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña en xuño de 2004, María Jesús Lorenzana Somoza é, desde o ano 2007, letrada da Xunta de Galicia.

Letrada nivel 28 da asesoría xurídica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e posteriormente da Consellería de Traballo e Benestar desde 2007 ata 2010, compaxinou durante o primeiro ano funcións consultivas con funcións xurisdiccionais en defensa da Administración autonómica.

Desempeñou o labor de letrada nivel 28 da Asesoría Xurídica Xeral –Gabinete de asesoramento e apoio á actualización normativa- desde marzo de 2010 a novembro de 2011. Desde esa data a actualidade traballa na asesoría xurídica da Presidencia da Xunta de Galicia.

María Jesús Lorenzana Somoza ten impartido cursos de formación dirixidos a empregados públicos no ámbito da contratación pública, de procedemento administrativo e en materia de técnica de redacción de informes, así como cursos de teleformación sobre os aspectos legais de creación, reutilización e difusión de contidos dirixidos a persoal docente da Xunta de Galicia.

Secretaria de tribunal en diferentes procesos selectivos da Administración autonómica, Lorenzana Somoza ten publicados diferentes artigos na revista da Asesoría Xurídica da Xunta.

A XUNTA DESTINA 220 MILLÓNS AO VI PLAN DE IGUALDADE 2013-2015 NO QUE DESTACAN AS ACCIÓNS ENCAMIÑADAS A COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***Engloba un total de 320 actuacións nas que destacan as accións de prevención e asistencia integral e coordinada das vítimas e das persoas ao seu cargo***
- ***Entre as actuacións recollidas neste VI plan están a acción integral para combater a violencia de xénero, a mellora da gobernanza a favor da igualdade, cambio de valores e modelos para a igualdade, e a conciliación corresponsable***
- ***O Plan engloba toda a Administración galega e mantense a liña de cooperación e coordinación institucional como principio reitor do plan***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao VI Plan galego para a igualdade entre homes e mulleres para o vindeiro período 2013-2015, no cal destacan as accións encamiñadas a combater a violencia de xénero, e que conta cun orzamento de máis de 220 millóns de euros.

O VI Plan é o resultado dun traballo compartido pola totalidade da Administración autonómica seguindo na liña de cooperación e coordinación institucional que forma parte dos principios reitores deste plan e que se complementou coas achegas recibidas das asociacións de mulleres, asociacións de igualdade, axentes sociais e outras entidades. De feito, a participación rexistrada no proceso de elaboración permitiu configurar 320 actuacións cunha valoración económica estimada en 220 millóns de euros para este período de tres anos.

Este VI Plan de Igualdade recolle as metas e os compromisos asumidos pola Xunta na promoción da igualdade entre homes e mulleres neste trienio, a través da renovación e reestruturación de áreas prioritarias, como é caso da loita contra a violencia de xénero, e para contribuír así ao progreso e benestar da sociedade galega mediante o deseño, a execución e o seguimento de políticas das que homes e mulleres se beneficien de forma equivalente.

O Plan estrutúrase en seis eixes principais que son a acción integral para combater a violencia de xénero; a mellora da gobernanza a favor da igualdade; o cambio de valores e modelos para a igualdade; o aproveitamento do talento feminino; a conciliación corresponsable e calidade de vida, e a participación activa das mulleres na sociedade.

Acción integral para combater a violencia de xénero

Este eixe do IV Plan de Igualdade é o que engloba un maior número de actuacións cun total de 91, e cun orzamento de preto de 17 millóns de euros que se destinarán a accións de prevención e asistencia integral e coordinada a favor das mulleres vítimas e das persoas ao seu cargo, así como a través do apoio á súa independencia e integración

social. Neste eixe destaca o desenvolvemento do Observatorio Galego da Violencia de Xénero para estimular o estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a violencia de xénero en Galicia, o impulso dunha rede de concellos contra a violencia de xénero que desenvolvan programas de prevención e abordaxe da violencia de xénero, e a promoción e apoio á posta en marcha dun recurso especializado na atención de menores vítimas de trata, fundamentalmente con fins de explotación sexual.

Mellora da gobernanza a favor da igualdade

Na mellora da gobernanza a favor da igualdade, o Plan recolle 50 actuacións e o compromiso polo desenvolvemento da transversalidade de xénero nas políticas desenvolvidas pola Administración galega, no deseño, execución, e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega, cun orzamento de máis de 7,5 millóns de euros.

O Plan recolle a realización dun programa de formación avanzada para os profesionais da Administración autonómica cunha relación máis directa co desenvolvemento da perspectiva de xénero na acción e nos servizos públicos, e o reforzamento do papel dos centros de información ás mulleres como axentes como axentes dinamizadores da igualdade entre homes e mulleres no ámbito local.

Cambio de valores e modelos para a igualdade

Neste eixe, o Plan recolle 72 actuacións encamiñadas a actividades de difusión, sensibilización e aprendizaxe que sirvan para concienciar a poboación en xeral, e a mocidade en particular, sobre a necesidade de comprometerse cun modelo social máis equitativo en xénero e adoptar unha actitude proactiva na súa cimentación por parte de todos e de todas. Este eixe conta cun orzamento de máis de 7 millóns de euros, e destacan as actividades destinadas á realización de actividades de coeducación desde as entidades locais dirixidas á poboación infantil e xuvenil, así como o desenvolvemento de ferramentas, materiais e outras iniciativas de información e orientación dirixidas ao deseño e implantación dunha estratexia coeducativa integral nos centros educativos de niveis non universitarios, xunto coa posta en marcha dunha liña de asesoramento en liña en materia de igualdade de xénero e coeducación á disposición dos centros educativos.

Aproveitamento do talento feminino

As actuacións para este eixe van desde concienciar sobre a necesidade colectiva de avanzar nunha plena participación das mulleres no mercado laboral e profesional ata o deseño de axudas que sirvan de estímulo á súa incorporación ao mercado do traballo e á consolidación da igualdade de trato e de oportunidades neste ámbito, pasando pola actualización ou reforzamento das competencias profesionais mediante a formación. O orzamento para esta actuación é duns 64 millóns de euros e 53 actuacións.

Destacan dentro deste eixe o estímulo económico para a posta en marcha de iniciativas empresariais de mulleres e para a creación de emprego feminino vinculado aos novos proxectos de empresa: liña de subvencións. O acompañamento en proxectos de renovación e relanzamento empresarial liderados por mulleres que estean orientados ao mantemento da promoción e da competitividade, liña de subvencións, e o apoio á introdución de melloras innovadoras e creativas nos proxectos de desenvolvemento empresarial liderados por mulleres mediante liñas de subvencións.

Conciliación corresponsable e calidade de vida

Neste eixe, englobáanse 27 actuacións dirixidas a promover unha asunción equilibrada entre ambos os sexos dos tempos dedicados ás tarefas domésticas e familiares cos tempos dedicados ao traballo remunerado e á formación, así como ao lecer e á vida social. O orzamento é de 121 millóns de euros.

Coma actuacións salientables dentro deste eixe destacan o apoio á organización de servizos, recursos e actividades complementarias que faciliten a adecuación dos horarios escolares cos horarios laborais das familias mediante liña de subvencións, e o apoio á conciliación do exercicio profesional das mulleres emprendedoras e empresarias coa vida persoal e familiar, tamén mediante liña de subvencións.

Participación activa das mulleres na sociedade

Engloba 27 actuacións dirixidas a facer máis visible a presenza feminina nos diferentes ámbitos da vida pública e social, a través dunha maior difusión das vantaxes da diversidade e da colaboración en igualdade, así como das experiencias e capacidades reais de liderado das mulleres, cun orzamento de case 4 millóns de euros.

Neste eixe destacan as actuacións encamiñadas ao desenvolvemento de programas de estímulo á participación social e á visibilidade das mulleres en situación de especial vulnerabilidade, e fomento de programas de actividades por parte do movemento asociativo feminino que reforcen o principio de igualdade e favorezan o empoderamento e a participación das mulleres. Así mesmo, dentro deste eixe destaca a posta en marcha e o desenvolvemento do Consello Galego de Mulleres como canle de participación efectiva das mulleres na aplicación do principio de igualdade de xénero e na loita contra a discriminación.

O PRESIDENTE DA XUNTA E OS CONSELLEIROS ACORDAN PUBLICAR O SEU PATRIMONIO NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA

- ***A medida foi posta en marcha por vez primeira no ano 2011 e volverase realizar agora tras o nomeamento do novo Goberno galego***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a publicación, no *Diario Oficial de Galicia* da situación patrimonial actual dos membros do Goberno galego, seguindo na liña de transparencia que vén marcando o Goberno galego desde o ano 2009.

O Goberno galego xa acordou publicar a situación patrimonial dos membros que pertencen ao Consello da Xunta o pasado 29 de setembro de 2011 e publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do día 9 de decembro, de xeito compasado coa publicación dos patrimonios dos deputados do Parlamento galego.

A iniciativa supuxo un paso máis na política de transparencia que rexe o Goberno galego pola que todos os seus membros deben declarar o seu patrimonio no momento en que toman posesión do seu cargo así como informar de calquera alteración que se produza na súa situación patrimonial durante a lexislatura.

A XUNTA APROBA A INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA QUE COMPLETA OS PARQUES EÓLICOS DE MUXÍA

- ***O Consello da Xunta autoriza o proxecto de liña eléctrica para a evacuación á rede dos parques Muxía I e II, que discorrerá polos municipios de Vimianzo e Muxía***
- ***O dous parques eólicos mobilizan, conxuntamente, 71,5 millóns de euros e totalizan unha potencia de 68 MW***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal correspondente á liña eléctrica de evacuación dos parques eólicos Muxía I e Muxía II. A construción desta infraestrutura eléctrica, que discorrerá polos municipios de Vimianzo e Muxía, na provincia da Coruña, complementará os traballos destes dous parques e permitirá subministrar a enerxía eléctrica xerada á rede de distribución.

O proxecto, que conta cun orzamento superior aos 2 millóns de euros, será desenvolvido pola empresa EDP Renovables España e conectando, a través de 17,5 quilómetros, a subestación existente en Vimianzo coa proxectada para os parques de Muxía. Deste xeito, refórzanse as conexións eléctricas da Comunidade.

O parque eólico Muxía I mobilizará en total 48,5 millóns de euros e contará con 23 aeroxeradores que totalizan unha potencia de 46 MW. Pola súa banda, Muxía II suma 11 aeroxeradores, con 22 MW de potencia e un investimento de 23 millóns de euros.

En total, as dúas infraestruturas acadan unha potencia conxunta de 68 MW, que coa nova liña poderá ser evacuada á rede, e achegar a produción eléctrica aos fogares e á industria galega.

A través da nova infraestrutura, o Goberno galego mantén a súa aposta polo impulso das enerxías renovables traballando no desenvolvemento dun modelo que colabore na reactivación económica de Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN PROMOVE UN CURSO DE PORTUGUÉS EN LIÑA PARA FACILITAR A APRENDIZAXE DESTA LINGUA

- ***O proxecto Emport é promovido pola consellería en colaboración con institucións de Reino Unido, Alemaña, Italia, Portugal, España e Brasil***
- ***A iniciativa conta co apoio financeiro do Programa de aprendizaxe permanente da Unión Europea e enmárcase na iniciativa de Linguas Actividade clave 2***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participa como promotora do proxecto Emport a través do cal se elaborará e porá á disposición da cidadanía un curso en liña gratuíto de portugués. Deste xeito, e no marco da aposta que o departamento educativo da Xunta de Galicia mantén coa aprendizaxe permanente, búscase favorecer a adquisición de competencias nesta lingua, o que contribúe a estreitar os lazos co país veciño.

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace á sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento de Emport entre a Consellería de Cultura e Educación – promotora do proxecto- e o resto dos socios colaboradores, en concreto a Universidade de Brasilia (Brasil), o European Distance and E-Learning Network (EDEN, Reino Unido), o European & International Federation Of Natural Stone Industries (EURO-ROC, Alemaña) a Università Degli Studi di Roma Tor Vergata (Italia), a Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologías (Portugal), a Empresa Promotora de Servizos de Ensino SA (MAGENSINUS, Portugal) e Asesoramiento, Tecnología e Investigación, S.L. (AtinServices, España). Este acordo establece o marco de colaboración entre a Consellería e os colaboradores citados co fin de regular as súas relacións así como os seus respectivos dereitos e obrigas coa súa participación conxunta.

O proxecto conta co apoio financeiro do Programa de aprendizaxe permanente da Unión Europea e enmárcase na iniciativa de Linguas Actividade clave 2. Trátase dunha nova iniciativa do departamento educativo da Xunta de Galicia a prol da aprendizaxe permanente. Neste sentido cómpre lembrar que a Consellería xa ten promovido o proxecto CHINESECOM (www.chinesecom.eu) un curso de chinés multimedia que ten como obxectivo contribuír á mellora da competitividade das empresas europeas promovendo a adquisición de competencias nesta lingua, formación que vai dirixida tamén a aqueles mozos e mozas que queiran comezar a aprendizaxe do chinés.

Valores engadidos

O curso, que estará dispoñible na rede de forma gratuíta, incorpora valores engadidos fronte á actual oferta de cursos interactivos de portugués, tales como a inclusión de material cultural sobre os países de fala portuguesa. Trátase dun importante punto diferencial, tendo en conta que as diferenzas culturais con Europa poden xerar problemas e malentendidos nas viaxes a estes países e nas xestións comerciais e de negocios con eles.

Ademais, o curso producirase sobre as bases establecidas polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas para os niveis A1 e A2, de forma que se obteña coñecemento dun estándar lingüístico ben establecido e definido.

Por outra banda, o proxecto ofrecerá a posibilidade de traducir o curso a calquera das linguas das institucións asociadas, o que supón un paso adiante respecto da maioría dos materiais dispoñibles na actualidade, a maior parte en inglés.

Cun deseño moderno e atractivo, as unidades didácticas incluírán as diferente variantes do portugués, con animacións, materiais gráficos e exercicios interactivos para facer máis amena a aprendizaxe.

A XUNTA MANTERÁ OS PREZOS DE REFERENCIA DO BANCO DE TERRAS DURANTE 2013 PARA FAVORECER O CRECEMENTO DAS EXPLOTACIÓNS

- ***O Consello aprobou hoxe un acordo da Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se establecen os prezos que servirán de referencia para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para este ano***

A Xunta manterá os prezos de referencia do Banco de Terras de Galicia durante 2013 para facilitar a mobilidade da terra e así favorecer o crecemento das explotacións. O obxectivo, dentro do contexto actual de crise económica, é facilitar o acceso ás parcelas a agricultores e gandeiros para que poidan redimensionar as súas explotacións e, ao tempo, abaratar custos.

O Consello da Xunta aprobou hoxe os prezos que servirán de referencia para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para o ano 2013. Deste xeito, o prezo mínimo anual por parcela mantense en 20 euros e, para o caso de agrupación ou lote de parcelas, en 40 euros.

Os prezos tipo de referencia e/ou garantía para a cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia en réxime de arrendamento ou concesión estarán dispoñibles na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar.

CASE A METADE DAS LEIS QUE A XUNTA TEN PREVISTO IMPULSAR ESTA LEXISLATURA TEÑEN CONTIDO ECONÓMICO

- ***Das máis de 40 leis previstas no calendario legislativo da Xunta, 18 están destinadas a estimular e axilizar a reestruturación dos sectores produtivos***
- ***Os datos aparecen recollidos nun informe elevado ao Consello da Xunta, no que tamén se destacan importantes leis no ámbito social e de reforma administrativa***
- ***O calendario legislativo da Xunta prioriza a actualización de normativa avellentada que necesita modernizarse e adaptarse aos novos tempos***

Case a metade dos proxectos de lei que a Xunta impulsará esta lexislatura e enviará ao Parlamento de Galicia teñen un contido fundamentalmente económico. Así o recolle un informe elevado esta mañá ao Consello da Xunta para dar conta do calendario legislativo para a IX Lexislatura, no que se destaca que das máis de 40 novas leis que se prevé aprobar, alomenos 18 estarán destinadas a estimular e axilizar a reestruturación dos sectores produtivos da economía galega.

Así ocorre co Lei de innovación, a Lei do emprendedor, a Lei de horarios comerciais, a Lei da industria marítima, a modificación da Lei da minería, a Lei de cámaras de comercio, a modificación da Lei de comercio interior, a Lei de aforro e eficiencia enerxética, a Lei de estradas, a Lei do solo, a Lei de formación e cualificación permanente, a Lei de economía social, a Lei de mellora da estrutura territorial agraria, a Lei de acuicultura, a Lei de montes veciñais en man común, a Lei de agricultura, a Lei de confrarías de pescadores e a Lei de espectáculos públicos.

Por outra banda, o calendario legislativo da Xunta para este novo período recolle unha serie de textos legislativos do ámbito social, cuxo obxectivo é garantir unha prestación máis eficiente dos servizos dos que se encarga a Administración autonómica. Neste sentido, aprobaranse leis de gran relevancia tanto na educación (Lei de Universidades), como na sanidade (Lei de garantías das prestacións sanitarias), en materia de benestar (Lei de accesibilidade e Lei de inclusión social), na emigración (Lei de galeguidade), na cultura (Lei do patrimonio cultural) e no medio ambiente (Lei do patrimonio natural).

Por último, esta lexislatura continuarase abordando a necesaria reforma administrativa que precisa Galicia. A Lei de racionalización da administración, a Lei do estatuto do empregado público, a Lei de réxime financeiro, a Lei de administración local, a modificación da Lei do Consello Consultivo e a Lei do Consello Económico, Laboral e Social contribuirán a ter unha estrutura administrativa máis racional, máis eficiente, máis transparente, máis áxil e menos custosa para os cidadáns.

VIII Lexislatura

O calendario legislativo para a IX Lexislatura sigue a senda do traballo iniciado na lexislatura anterior, na que se aprobaron 46 novas leis, na súa maioría relacionadas con contidos económicos, sociais ou de reforma administrativa, que pola súa transcendencia afectaban a todos os galegos.

Así, no exercicio anterior aprobáronse varias leis relacionadas coa reestruturación de sectores produtivos da economía galega (Lei de Pesca, Lei de Comercio Interior, Lei de mobilidade de terras, Lei de Turismo ou Lei de Política Industrial); leis de mercado carácter social, relacionadas coa Sanidade (Lei de prevención do consumo de alcol en menores); a Educación (Lei de convivencia e participación na comunidade educativa); o Benestar (Lei de apoio á familia e á convivencia); a Vivenda (Lei de Vivenda) ou a Cultura (Lei de Bibliotecas).

Por último, xa no pasado exercicio legislativo a Xunta de Galicia impulsou unha serie de leis orientadas á reformar á Administración, como é o caso da chamada 'Lofaxga', á adaptación á Directiva Europea de Servizos; a Lei de Disciplina Orzamentaria; ou a do Patrimonio da Comunidade Autónoma, entre outras.

Continencia normativa

Doutra banda, o informe presentado esta mañá en Consello tamén fai fincapé na vontade do Goberno galego de non caer na hiperlexislación e primar o aspecto cualitativo en vez do cuantitativo; unha práctica que, ao igual que no apartado temático, continua un obxectivo marcado pola Xunta na anterior lexislatura.

Nese sentido, boa parte da acción legislativa da Xunta neste exercicio dirixírase de forma prioritaria non a crear novas normas e a regulamentar novos sectores senón a actualizar normativa avellentada que necesita modernizarse e adaptarse aos novos tempos. Por iso, case a metade das leis que a Xunta planea aprobar nesta lexislatura constitúen a modernización de textos de máis de dez anos de antigüidade.

Así ocorre coa Lei de fomento da innovación (1993), a Lei do sistema universitario galego (1989), a Lei de estradas (1994), a Lei de galeguidade (1983), a Lei de caza (1997), a Lei do estatuto do empregado público (1988), a Lei de accesibilidade (1997), a Lei de inclusión social (1991), a Lei de réxime financeiro (1999), a Lei de mellora da estrutura territorial agrícola (1985), a Lei de montes veciñais en man común (1989), a Lei electoral (1985), a Lei de administración local (1997), a Lei do solo (2002), a Lei de formación e cualificación permanente (1992), a Lei de Cámaras de Comercio (2004), a Lei de patrimonio cultural (1995) a Lei de confrarías de pescadores (1985), a modificación da Lei do Consello Consultivo (1995) ou a Lei do Consello Económico, Laboral e Social de Galicia (1995).

A XUNTA INCREMENTA A PROTECCIÓN PARA 13 ENCOROS DE ABASTECIMENTO E 9 ZONAS HÚMIDAS DA DEMARCACIÓN GALICIA- COSTA, QUE CUALIFICA COMO ZONAS SENSIBLES

- ***Con estas novas designacións, as denominadas zonas sensibles en Galicia pasan de 2 (as rías de Ferrol e Pontevedra) a 24***
- ***As zonas sensibles son lagos de auga doce, esteiros e augas costeiras eutróficas ou que poderían chegar a selo nun futuro próximo se non se adoptan medidas de protección***
- ***A Consellería de Medio Ambiente impón requisitos máis restritivos ás verteduras sobre masas de augas máis vulnerables á contaminación por nutrientes***
- ***Decláranse como zonas sensibles 9 zonas húmidas, o que engade un novo elemento de protección que axudará á súa preservación***
- ***Desígnanse tamén como zonas sensibles 13 encoros que abastecen a 1,7 millóns de galegos, feito que facilita o control da calidade das augas, previndo a proliferación de cianobacterias***

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, declara como novas zonas sensibles 13 encoros de abastecemento e 9 zonas húmidas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Do mesmo xeito, mantense esta clasificación para as rías de Ferrol e Pontevedra; polo tanto, esas masas de auga pasan de 2 a 24. O Consello da Xunta informou na súa reunión de hoxe da revisión e designación de novas zonas sensibles na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, tras a elaboración dun estudo por parte de Augas de Galicia.

Na lexislación referida ao tratamento e depuración das augas residuais sinálase que poderán designarse como zonas sensibles aquelas que cumpran, entre outros, o seguinte requisito: lagos de auga doce, esteiros e augas costeiras que sexan eutróficas ou que poderían chegar a selo nun futuro próximo se non se adoptan medidas de protección. Cabe precisar que eutrofizado é aquel ecosistema caracterizado por unha abundancia anormalmente alta de nutrientes.

A declaración destas zonas sensibles supón un maior control das achegas de nutrientes a estas 24 masas de auga co fin de evitar a súa eutrofización. A lexislación europea exige aplicar nas autorizacións de verteduras que poidan afectar masas de auga declaradas como zonas sensibles, maiores restricións sobre as concentracións de nutrientes que se autoriza verter. A súa importancia demóstrase en que os nutrientes, fosfatos e nitratos, son as principais causas de proliferación de cianobacterias nos encoros de Galicia.

En canto á designación de novas zonas sensibles, unha vez analizados os resultados derivados das redes de control do estado ecolóxico das augas para aquelas zonas susceptibles de estar en risco de eutrofización ou eutrofizadas, considerouse adecuada a

designación de 22 novas zonas, entre as cales se atopan 13 encoros de abastecemento coas correspondentes áreas de captación e 9 zonas húmidas.

Cómpre destacar que estes 13 encoros subministran un caudal de máis de 7.000 l/s a case 1,7 millóns de habitantes, polo que con esta declaración a Xunta avanza na protección destes recursos estratéxicos para o desenvolvemento socioeconómico destas rexións. A designación destas zonas húmidas responde ao gran valor ecolóxico que posúen estes ecosistemas, que desempeñan funcións básicas e constitúen un valioso patrimonio cultural e natural. Na actualidade atópanse entre os ambientes máis ameazados por causa da drenaxe, a contaminación e a sobreexplotación dos seus recursos. Galicia conta cunha notable variedade de zonas húmidas que, no seu conxunto, albergan unha importante riqueza de hábitats, flora e fauna, entre os cales se inclúen taxons ameazados e hábitats raros.

Como síntese, na seguinte táboa amósase a relación de zonas sensibles:

ZONA SENSIBLE	TIPO DE MASA DE AUGA
RIA DE FERROL	AUGA COSTEIRA E DE TRANSICION
RIA DE PONTEVEDRA	AUGA COSTEIRA E DE TRANSICION
LAGOA FROUXEIRA	ZONA HÚMIDA
LAGOA BALDAIO	ZONA HÚMIDA
LAGOA CARNOTA-CALDEBARCOS	ZONA HÚMIDA
LAGOA CORRUBEDO (ARTES-CARREGAL)	ZONA HÚMIDA
LAGOA DE BODEIRO	ZONA HÚMIDA
LAGOA DE VIXÁN	ZONA HÚMIDA
LAGOA DE SAN PEDRO DE MURO	ZONA HÚMIDA
LAGOA DE DONIÑOS	ZONA HÚMIDA
LAGOA DE SOBRADO DOS MONXES	ZONA HÚMIDA
ENCORO DE PONTE OLVEIRA	ENCORO
ENCORO DE SANTA UXIA	ENCORO
ENCORO DE AS FORCADAS	ENCORO
ENCORO DE CECEBRE	ENCORO
ENCORO DE PONTILLON DE CASTRO	ENCORO
ENCORO DE EIRAS	ENCORO
ENCORO DE ZAMANS	ENCORO
ENCORO DE CALDAS DE REIS	ENCORO
ENCORO DE BECHE	ENCORO
ENCORO DE VILASENIN OU SAN COSMADE	ENCORO
ENCORO DE ROSADOIRO	ENCORO
ENCORO DE O CON	ENCORO
ENCORO DE BAIONA	ENCORO

Rías de Ferrol e Pontevedra

Os traballos derivados da revisión da declaración das rías de Ferrol e Pontevedra como zonas sensibles da demarcación de Galicia-Costa conclúen que cómpre manter tal designación destas masas de auga.

No caso da ría de Ferrol, espérase que entren en servizo nos próximos anos as obras de saneamento e depuración, en ambas as dúas marxes do esteiro, que Xunta e Estado

levan desenvolvendo desde 2006 cun orzamento global de máis de 207 millóns de euros. Estas actuacións suporán unha melloría substancial na calidade da auga desta ría.

Proceso de designación

Tal e como se detallou anteriormente, o criterio empregado para a designación das zonas sensibles en Galicia-Costa baséase no grao de eutrofización das masas de auga receptoras das verteduras de augas residuais, de xeito que aquelas masas de auga eutróficas ou en risco de estalo poderán ser declaradas como tal. Deste xeito, aquelas masas de auga que actualmente estean eutrofizadas ou en risco de estalo serán aquelas que precisen dun tratamento de depuración máis estrito para os efectos de reverter esta situación, limitando ao máximo os nutrientes vertidos a estas zonas. Estas serán, polo tanto, as candidatas a ser designadas como zonas sensibles.

Para facer a diagnose do grao trófico das masas de auga empregouse a clorofila A, considerada unha variable de grande utilidade como indicador da resposta das algas e outras plantas acuáticas ao enriquecemento excesivo en nutrientes. Os valores empregados de clorofila A foron os obtidos a través das redes de control do estado ecolóxico das augas durante o período comprendido entre os anos 2010 e 2012, aínda que o procedemento de valoración destes resultados para os efectos de establecer o grao trófico varía en función do tipo de masa de auga receptora das verteduras.

EN 2012 HOUBO MÁIS DE 114.000 DOAZÓNS DE SANGUE EN GALICIA

- ***A taxa de doazón na Comunidade Autónoma é de 41,26 por 1.000 habitantes, cumprindo as recomendacións da OMS***
- ***Os grupos sanguíneos con maior demanda foron o A+ (cun 39,9%) e o O+ (cun 35,7%)***
- ***O 82,6% das doazóns efectúanse nas unidades móbiles do CTG***

O pasado ano houbo en Galicia un total de 114.759 doazóns de sangue, o que supón que a taxa de doazón na Comunidade Autónoma é de 41,26 por 1.000 habitantes. Isto supón que se manteñen os altos índices acadados en 2011 (cando esta taxa era do 41,54) e mantén a Galicia dentro do rango de doazóns recomendado pola OMS.

Neste sentido, o 82,6% das doazóns efectúanse nas unidades móbiles do Centro de Transfusión de Galicia, e o 17,4% restante efectúase nos puntos fixos situados nas sete grandes cidades da Comunidade.

No que atinxe ás necesidades de compoñentes sanguíneos, estas acadaron as 109.503 concentrados de hemacias; e foron o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (cun 22,3%), o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (cun 16,3%) e o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (cun 14,1%) os centros que tiveron maiores requirimentos.

Os grupos sanguíneos con maior demanda foron o A+ (cun 39,9%) e o O+ (cun 35,7%). Así mesmo, con respecto a 2011 e produciuse unha significativa diminución na porcentaxe de subministracións urxentes aos distintos centros, que pasou dun 25% en 2011 a un 18,2% en 2012.

O labor que o Centro de Transfusión de Galicia realiza na captación de doadores dun xeito accesible e sinxelo; no procesamento dos hemoderivados; e na sumministración de compoñentes sanguíneos aos distintos centros hospitalarios galegos garante a súa subministración efectiva alí onde sexan necesarios, e tamén que esta se fai con todas as garantías de seguridade e de rapidez exixibles.

Deste labor, que é posible grazas á imprescindible colaboración e doazón altruísta dos galegos e galegas, benefíciáanse ano a ano un gran número de pacientes, ben sexa por teren sido sometidos a intervencións cirúrxicas complexas -politraumatizados, transplantados, etc.- ou como soporte a tratamentos médicos que exixen de soporte hemoterápico complementario.

431 PERSOAS ESTÁN INSCRITAS NOS PROGRAMAS DE PROTECCIÓN SOCIAL E DE SAÚDE PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA

- ***Na Comunidade podería chegar ata 3.000 persoas que serían susceptibles de estar incluídos nestas iniciativas***
- ***Sanidade acordou con diversas ONG implantar un procedemento para que, cando soliciten cita en Atención Primaria, o sistema lles requira a solicitude de adhesión ao programa***

Un total de 431 cidadáns inscribíronse nos programas propios da Xunta de Galicia de protección social e saúde pública desde a entrada en vigor do Real decreto lei 16/2012, e a inmensa maioría deles están incluídos no programa específico para persoas con residencia estable en Galicia e que non contan con recursos suficientes.

A eles súmanse os que forman parte do Programa para o acceso ao diagnóstico e tratamento da enfermidade e infección tuberculosa nas unidades de prevención e control da tuberculose (UTB) e os rexistrados noutras iniciativas, como a de facilitar o acceso ao diagnóstico e tratamento daquelas persoas que poidan padecer unha enfermidade infecciosa que estea suxeita a vixilancia epidemiolóxica, control ou eliminación.

Así mesmo, en Galicia aproximadamente 3.000 persoas que son inmigrantes poderían ser susceptibles de estar incluídos no Programa galego de protección social da saúde pública.

Para este colectivo, a Consellería de Sanidade ten acordado coas ONG coas cales se ten reunido implantar un procedemento –que estará operativo a partires de marzo- de xeito que, cando pidan cita en Atención Primaria, o sistema lles requira a súa solicitude de adhesión no devandito programa.

Adaptación á nova normativa

A entrada en vigor do Real decreto lei 16/2012 e do Real decreto 1192/2012, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para os efectos da asistencia sanitaria en España con cargo a fondos públicos a través do Sistema nacional de saúde - así como doutras normas de desenvolvemento posteriores- modificaron as vías do aseguramento público en España e a responsabilidade formal do seu recoñecemento.

Neste sentido, aínda que formalmente se falaba de que en España había un aseguramento universal, na práctica había colectivos non protexidos, como os profesionais liberais, persoas que esgotaron as prestacións por desemprego, rendistas ou persoas que non traballaran e non eran beneficiarias, entre outros. Con esta reforma, o INSS pasa a ser o responsable do aseguramento e os servizos de saúde, da emisión das tarxetas sanitarias e da prestación de servizos sanitarios.

Adaptarse a esta nova situación implicou un enorme esforzo de coordinación entre as administracións públicas implicadas directamente no proceso –principalmente as comunidades autónomas, o INSS e Ministerio de Sanidade- pero tamén doutras administracións que teñen que proporcionar datos para que o proceso deseñado polos reais decretos leis acade os seus obxectivos. Así, as bases de datos das comunidades están á súa vez coordinadas entre si a través do SNS para evitar duplicidades.

Aínda que moitos dos cambios que se levaron a cabo afectan procedementos internos das administracións, algúns deles supuxeron modificar o acceso ou ben as achegas farmacéuticas, polo que se utilizaron varias vías de información cara aos cidadáns para resolver dúbidas e se habilitou un circuíto de comunicación co INSS no caso de que fose necesario un cambio por parte deste organismo.

A adaptación en Galicia foi moi rápida, a pesar de que nas bases de datos da Consellería de Sanidade se levaron a cabo 1.338.378 cambios de aseguramento ou de achega farmacéutica. Durante este proceso non houbo baixas de cidadáns en tarxeta sanitaria e creáronse programas especiais para os colectivos máis desfavorecidos que están totalmente operativos na actualidade, como os programas específicos para persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en Galicia.

Cómpre destacar que 49.808 persoas novas que tiñan cobertura só na nosa comunidade autónoma pasan a dispoñer de cobertura sanitaria en todo o Estado ao serlles recoñecida a condición de asegurado polo INSS, e tamén que os avogados e procuradores en quendas de oficio adquiren a condición de asegurado.